



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2018

A EGAP,

en colaboración coa

Asociación Galega de Arte e Cultura (AGAEC),

convoca a

“Mostra de Arte das Letras Galegas. EGAP, 2018”.



XUNTA DE GALICIA



1. Participantes

Persoal empregado público ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia.

2. Modalidades

Pintura, escultura, fotografía, gravado, colaxe, debuxo, cerámica, tapiz, vídeo e calquera outra especialidade artística que implique a utilización de novas tecnoloxías ou materiais, maquetas, origami (papiroflexia), etc.

3. Requisitos para participar

Cada participante:

- Poderá presentar unha obra por modalidade artística.
- Enviará unha solicitude asinada utilizando o modelo anexo ao enderezo de correo electrónico agaec2016@gmail.com
- Achegará unha fotografía dos traballos que presenta (un por modalidade), en formato jpg, cunha resolución mínima de 300 píxels (a dimensión da/s obra/s non poderá exceder de 100 x 100 cm; para escultura as medidas máximas establécense en 150x70x50 cm).
- Enviará tamén a ficha técnica da/s obra/s (título, técnica, medidas e prezo) en galego.

4. Prazo máximo de entrega da documentación

30 de abril de 2018.

5. Presentación e retirada das obras

As obras deberán ser entregadas o día 14 ou 15 de maio na EGAP, en horario lectivo, preferiblemente sen enmarcar e preparadas para a súa exposición (no caso de pintura, fotografía, debuxo, etc., con enganche seguro para evitar caídas que poidan estragalas) e identificadas na parte posterior cunha rotulación ou etiqueta na que consten o título, a técnica, o autor, o enderezo electrónico e os teléfonos de contacto. Os materiais fráxiles deberán estar debidamente protexidos.

A EGAP publicará na súa páxina web o catálogo coa totalidade dos traballos presentados polos participantes.

As obras poderán ser retiradas polos participantes ou as persoas autorizadas nos días e horas que oportunamente se comuniquen.

Unha vez pechada a mostra, a EGAP non se fará cargo da custodia das obras non recollidas nos días sinalados.



6. Lugar e data de inauguración

Lugar: Sala de Exposicións da EGAP.

Data prevista para a inauguración: 16 de maio.

Data de fin de exposición e retirada de obras: 15 de xuño.

7. Responsabilidades

As obras, durante as datas de exhibición, estarán aseguradas nos termos previsto na Póliza de Seguros de danos patrimoniais subscrita pola Xunta de Galiza e dispoñible na web www.conselleriadefacenda.es.

8. Aceptación e conformidade coas bases

A participación nesta mostra implica a aceptación e a conformidade co disposto nas presentes bases así como o consentimento e a admisión da publicación das obras e imaxes pola EGAP.



SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

MOSTRA DE ARTE DAS LETRAS GALEGAS. EGAP, 2018
Consellería/Organismo e unidade:
Posto de traballo:
Nome e apelidos:
Teléfono contacto:
Enderezo electrónico:
MODALIDADES:
1.- ARTES PLÁSTICAS
MODALIDADE: pintura, escultura, fotografía, gravado, colaxe, debuxo, cerámica, tapiz, vídeo, instalación, papiroflexia, maquetación, etc. Márquense as que correspondan:
TÍTULO DA OBRA: TÉCNICA: MEDIDAS: PREZO:
TÍTULO DA OBRA: TÉCNICA: MEDIDAS: PREZO:
2.- VÍDEO
MODALIDADE:
TÍTULO:
DURACIÓN:



3.-OUTRAS MODALIDADES

4.-OBSERVACIÓNS EN RELACIÓ N COA OBRA PRESENTADA

Solicito ser admitido/a como participante na “Mostra de Arte das Letras Galegas. EGAP, 2018” para o que declaro coñecer e aceptar, en toda a súa extensión, as bases de participación.

Sinatura:

_____ , ____ de abril de 2018